

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que en consonancia co Decreto do 14 de decembro de 1956, o 30 de xullo de 1958, foron aprobados, con carácter forzoso, os consorcios dos monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115 e "OURAL", LU-3116, entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Cervantes.

2º.- Que o 18 de abril de 1973, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE VILAR DE MOUROS", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilar de Mouros, parrquia de San Pedro, termo municipal de Cervantes.

3º.- Que o 16 de xuño do ano en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por ésta, reunida en Asemblea Xeral o pasado 26 de Abril, acordou a súa vez:

- propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 135 Hás. do monte en man común da súa pertenza, nas que se incluísen 27 Has. do "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", 82 Hás. del "OURAL" e 26 Hás., rasas e sen consorciar, que aportaban para a súa repoboación,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lles afecta, anulase e substituíse os consorcios dos montes "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA" e "OURAL" e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do convenio.

4°.- Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro dos Consorcios anteriores, a repoboación dos terreos rasos que se aportan de novo, a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas ou das que se creen no futuro, o seu aproveitamentos e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordades con tales fins.

5°.- Que en consecuencia, o novo monte "DE VILAR DE MOUROS", queda constituído por:

27 Hás. do "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115,
82 Hás. do "OURAL", LU-3116 e
26 Hás. que se aportn de novo.

6°.- Que as superficies do monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA" LU-3115, son:

superficie total:	118 Hás.
superficie repoboada	115 "
superficie inforestal ...	3 "

O monte "DE VILAR DE MOUROS", pasan:

superficie total.	27 Hás.
superficie repoboada.....	26 "
superficie inforestal....	1 "

7°.- Que as superficies do monte "OURAL", LU-3116, eran:

superficie total.	117 Hás.
superficie repoboada....	117 "

Como o monte "CHAN DE LAGARES E CHANDEIRO", 2716507, pasaron:

superficie total.	35 Hás.
superficie repoboada...	35 "

as actuais son:

superficie total.	82 Hás.
superficie repoboada....	82 "

O monte "DE VILAR DE MOUROS" pasan a totalidade.

8°.- Que a Comunidade aporta de novo:

superficie total:	26 Hás.
superficie rasa.....	26 "

9°.- E que polo tanto as superficies actuais do novo monte "DE VILAR DE MOUROS", son:

superficie total:	135 Hás.
superficie repobada	108 "
superficie rasa forestal	26 "
superficie inforestal...	1 "

10°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115.

Conformes coas Certificacios que se adxunta, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996:	8.836.024,-Ptas.
o 31-12-1983, ano en que se clasificou en man común o monte do lugar de Vilar de Mouros	4.415.231,- "

A ter en conta conforme coa Desposición Adicional
Segunda da lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

<u>26</u> x 8.836.024,-Ptas. - <u>26</u> x 4.415.231,-Ptas.	999.484,-Ptas.
115	115

b) Ingresos:

o 31-12-1996:	2.083,-Ptas.
---------------------	--------------

11°.- Gastos por traballos e ingresos do monte
"OURAL", 3116.

Conforme coa Certificación que se adxunta son os
seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996:	6.053.535,-Ptas.
pasados m/"CHAN DE LAGARES E CHANDEIRO", 2716507	463.802,- "
saldo actual:	5.589.733,- "
o 31-12-1983 ano en que se clasificou como en man común o monte do lugar de Vilar de Mouros.	2.656.587,- "

A ter en conta conforme coa desposición Adicional
Segunda de lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

82 x 5.589.733, -Ptas. - 82 x 2.656.587, -Ptas. 3.727.852, -Ptas
82 117

b) Ingresos:

o 31-12-1996: 270.000, -Ptas.
pasados m/"CHAN DE LAGARES E CHANDIERO",
2716507. - "
Saldo actual: 270.000, - "

12°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos Consorcios dos montes "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3116, pasan a conta do Convenio do monte "DE VILAR DE MOUROS", son:

a) GASTOS:

del monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115:

traballos: 999.484, -Pts.
administración: 7,85 x 999.484, -Ptas. 78.459, - "

100

gardería: 26 Hás. x 660, -Ptas./Há. 17.160, - "

del monte "OURAL", LU-3116:

traballos: 3.727.852, - "
administración: 7,85 x 3.727.852, -Ptas. 292.637, - "

100

gardería: 82 Hás.x 660, -Ptas./Há. 54.120, - "

TOTAL GASTOS. 5.169.712.-Ptas

b) INGRESOS:

del monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115:

26 Has. x 2.083, -Ptas. 471, -Ptas.

115 Hás.

del monte "OURAL", LU-3116:

82 Hás. x 270.000.- Ptas. 270.000.- Ptas.

82 Hás.

TOTAL INGRESOS..... 270.471.- Ptas.

13ª.- E que a conta do Convenio do monte "DE VILAR DE MOUROS", se abrirá cun saldo de:

5.169.712.- pesetas - 270.471,-Ptas. 4.899.241,-Ptas.

Á vista de todo isto, propónse a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características

Nome do monte: "DE VILAR DE MOUROS".

Elenco: 2715878.

Superficie: 135 Hás.

Pertenza: Comunidade de Vilar de Mouros.

Termo municipal: Cervantes.

A contabilizar como subvención 50%.

A contabilizar como anticipo 50%.

Xuro/anticipo 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE VILAR DE MOUROS", 2715878, se abra cun saldo de 4.899.241,- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puidera ter o consorcio do monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3115, sexan as seguintes:

Nome: "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA".
Elenco: LU-3115.
Superficie: 91 Hás.
Pertenza: Veciños do lugar de Trabado.
Termo municipal: Cervantes.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE VILAR DE MOUROS", 2715878, das contas do Consorcio do monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 26 Hás. x 8.836.024,-Ptas. 1.997.710,-Ptas.
115 Hás.
ingresos: 26 Hás. x 2.083,-Ptas. 471,- "
115 Hás.

5°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "OURAL".
Elenco: LU-3116.
Superficie: 82 Hás.
Pertenza: Parroquia de Cervantes e pobo de Vilar.
Termo municipal: Cervantes.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela 12 de setembro de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.



V.º B.º
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-



Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a comunidade Veciñal de Vilar de Mouros propietaria do Monte Vecial en Man Común "DE VILAR DE MOUROS", sito no termo municipal de Cervantes e integrado por 135 Has. das que 27 Hás. proceden do monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA" (LU-3115), e 82 Has. do monte "OURAL" (LU-3116) que se cancela, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Sudirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,




Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Monte: "DE VILAR DE MOUROS".

Elenco: 2715878

Superficie: 135 Hás.

Pertenza: Comunidades de Vilar de Mouros.

Termo municipal: Cervantes.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE VILAR DE MOUROS", 2715878, se ara cun saldo de 4.899.241,- pesetas, sen prexucio dos gastos e ingresos que puidera ter o Consorcio do monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- que no sucesivo as características do monte LU-3115, sexan as seguintes:

Nome: "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA".

Elenco: LU-3115.

Superficie: 91 Hás.

Pertenza: Veciños do lugar de Trabado.

Termo municipal: Cervantes.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE VILAR DE MOUROS", 2715878, das contas do Consorcio de monte "MONTAÑA, PANDELA E FIOSA", LU-3115, se resten as seguintes cantidades:

gastos: <u>26 Hás.</u> x 8.836.024,- Ptas.	1.997.710,- Ptas.
115 Hás.	
ingresos: <u>26 Hás.</u> x 2.083,- Ptas.	471,- "
115 Hás.	

5°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "OURAL".

Elenco: LU-3116.

Superficie: 82 Hás.

Pertenza: Parroquia de Cervantes e pobo de Vilar.

Termo municipal: Cervantes.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela 30 de setembro de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93).

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

C O N V E N I O

N.º	271	5878
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a trinta de setembro de mil novecentos noventa e sete.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da **Orde do 13.12.1993**.

Da outra, D. **FERNANDO DÍGON ROSON**, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE VILAR DE MOUROS"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **30 de xuño de 1.958** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilar de Mouros, parroquia de San Pedro, termo municipal de Cervantes**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE VILAR DE MOUROS"**.

Termo municipal: **Cervantes**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilar de Mouros, parroquia de San Pedro, termo municipal de Cervantes.**

Límites: **(Figuras en folia adxunta)**

N.:

S.:

L.:

O.:

Superficie: **135 (CENTO TRINTA E CINCO) Hás.**

Estado forestal: **108 (CENTO OITO) Hás. repoboadas, 26 (VINTESEIS) Hás. rasas forestais e 1 (UNHA) HÁ. inforestal.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **108 (CENTO OITO) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **27 (VINTESETE) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilar de Mouros, parroquia de San Pedro, termo municipal de Cervantes**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **27 Hás. do monte "MONTAÑA, PANDELA Y FIOSA", LU-3115 e 82 Hás. do monte "OURAL", LU-3116.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser suscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **cincoenta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. radiata e frondosas, según a calidade do chan nas zonas rasas na actualidade.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO :

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " VILAR DE MOUROS ", veciños de Vilar de Mouros, parroquia de San Pedro, concello de CERVANTES - Rexistrados o 21-08-1996 co número 0530.

2.— Que, así mesmo, figura Don FERNANDO DIGÓN ROSÓN, e Don RICARDO LÓPEZ VILOR, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~XXXX~~ elixida o 29-07-1996

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 13 de xuño de 1997.



Don RICARDO LOPEZ VILOR, Secretario de Comunidade de Vilar de Mouros, termo municipal de Cervantes.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 23 de Abril de 1.997 estando designado Don FERNANDO DIGON ROSON, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Vilar de Mouros (Cervantes) a dezaseis de Xuño de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: Fernando Digón Rosón.

Asdo.: Ricardo López Vilor.

D. TOMAS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Asdo.: Fernando Digón Rosón.



Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O. do 13/12/93)

Monte "DE VILAR DE MOUROS"

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Monte "LAS REDONDAS", LU-3117;
- L.- Propiedades particulares e mais monte da Comunidade de Vilar de Mouros;
- S.- Propiedades particulares dos veciños de Villanueva e
- O.- Propiedades particulares e monte "CHAN DE LAGARES E CHANDOIRO", 2716507.

PARCELA II.-

- N.- Mais monte da Comunidade de Vilar de Mouros e propiedades particulares;
- L.- Mais monte da Comunidade de Vilar de Mouros;
- S.- Mais monte da Comunidade de Vilar de Mouros e propiedades particulares de Villanueva e
- O.- Propiedades particulares de Villanueva.

- - - - -

D. Fernando Digón Rosón.
D. Ricardo López Vilor.
D. Jesús Trabado López.
D. Venancio Rosón Amigo.
D. Julian Arango Fernández.

En el lugar de Vilar de Mouros, parroquia de San Pedro, municipio de Cervantes, siendo las catorce horas del día 16 de Junio de 1.997, - se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Vilar de Mouros, cuya relación figura al margen.

Por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la Comunidad reunida en Asamblea General el pasado 23 de Abril, acuerdan a su vez.

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 135 Hás. del monte en mano común de su pertenencia, en las que se incluyen 27 Hás. del monte "MONTAÑA, PANDELA Y FIOSA", y 82 Hás. del monte "OURAL", consorciados entre el Ayuntamiento de Cervantes y el Patrimonio Forestal del Estado y 26 Hás., rasas y sin consorciar, que aportan para su repoblación, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "DE VILAR DE MOUROS".

Superficie: 135 Hás.

Límites:

PARCELA I.-


- N.- Monte "LAS REDONDAS";
- E.- Propiedades particulares y más monte de la Comunidad de Vilar de Mouros;
- S.- Propiedades particulares de los vecinos de Villanueva y
- O.- Propiedades particulares y monte "CHAN DE LAGARES Y CHANDEIRO".

PARCELA II.-

- N.- Más monte de la Comunidad de Vilar de Mouros y propiedades particulares;
- E.- Más monte de la Comunidad de Vilar de Mouros;
- S.- Más monte de la Comunidad de Vilar de Mouros y propiedades particulares de Villanueva y
- O.- Propiedades particulares de Villanueva.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les - afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "MONTAÑA, PANDELA Y FIOSA" y "OURAL".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.



Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Fernando D. ...

Jesús Trobaob

Vernando ...



Con data do 13 de xullo de 2016 a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte

RESOLUCIÓN:

1º.- *Que se aprobe a modificación da superficie do convenio do monte "Vilar de Mouros" nunha superficie de 18,82 ha, por petición da súa comunidade de montes veciñais en man común propietaria.*

2º.- *Que a dita modificación sexa efectiva sen que a comunidade de Vilar de Mouros teña que pagar cantidade ningunha á Administración, xa que a débeda pode ser asumida pola superficie restante que quedará no convenio.*

3º.- *Que no sucesivo as características do convenio do monte "Vilar de Mouros" sexan as seguintes:*

*Nome: de Vilar de Mouros
Número: 2715878
Superficie: 116,18 ha
Pertenza: CMVMC de Vilar de Mouros
Concello: Cervantes*

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

O que comunico para os efectos oportunos.

A través dese servizo deberá notificarse esta resolución aos propietarios.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2016



Luis Ortega Mene

Servizo de Montes de Lugo

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 28/07/2018 08:21:04

SAÍDA 81419 / RX 1080961





MR.110280

D. David López Pereda
Lg. Vilar de Mouros, s/n
27664 – Cervantes
Lugo

Exp.: 14/2016

Asunto: Comunicación da resolución da modificación do convenio do monte “Vilar de Mouros” 2715878 (Cervantes).

Con data 13 de xullo de 2016, a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

1º.- Que se aprobe a modificación da superficie do convenio do monte “Vilar de Mouros” nunha superficie de 18,82 ha, por petición da súa comunidade de montes veciñais en man común propietaria.

2º.- Que a dita modificación sexa efectiva sen que a comunidade de Vilar de Mouros teña que pagar cantidade ningunha á Administración, xa que a débeda pode ser asumida pola superficie restante que quedará en convenio.

3ª.- Que no sucesivo as características do convenio do monte “Vilar de Mouros” sexan as seguintes:

Nome:	De Vilar de Mouros
Número:	2715878
Superficie:	116,18 ha
Pertenza:	CMVMC de Vilar de Mouros
Concello:	Cervantes

Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de Reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/88, do 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

O que comunico para os efectos oportunos.

Lugo, 9 de agosto de 2016

O xefe do servizo

Ramón Rozadillas Valverde



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

Data 11/08/2016 12:36:45

SAÍDA 93185 / RX 1155995





MR.110280

Exp.: 14/2016

Asunto: Comunicación da resolución da modificación do convenio do monte "Vilar de Mouros" 2715878 (Cervantes).

Con data 13 de xullo de 2016, a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

1º.- Que se aprobe a modificación da superficie do convenio do monte "Vilar de Mouros" nunha superficie de 18,82 ha, por petición da súa comunidade de montes veciñais en man común propietaria.

2º.- Que a dita modificación sexa efectiva sen que a comunidade de Vilar de Mouros teña que pagar cantidade ningunha á Administración, xa que a débeda pode ser asumida pola superficie restante que quedará en convenio.

3ª.- Que no sucesivo as características do convenio do monte "Vilar de Mouros" sexan as seguintes:

Nome:	De Vilar de Mouros
Número:	2715878
Superficie:	116,18 ha
Pertenza:	CMVMC de Vilar de Mouros
Concello:	Cervantes

O que comunico para os efectos oportunos.

Lugo, 9 de agosto de 2016

O xefe do servizo

Ramon Rozadillas Valverde




REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO







Data 11/08/2016 12:36:46


SAIDA 93184 / RX 1155994








XEFE DO DISTRITO VII "FONSAFRADA OS ANCARES"
R/ Ano Velo, s/n - Entrechán
27640 - Becerreá LUGO



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Departamento Territorio de Lugo Servicio de Montes	
Nome do Monte: "DE VILAR DE MOUROS" Elenco: 2715878 Propiedade: CMVMC de Vilar de Mouros Superficie: 135 has. Concello: Cervantes		Lugo, 23 de xuño de 2016 O enxeñeiro de montes	
Escala: 1: 15.000	Escala gráfica: 		
Lenda:  Convenio de Vilar de Mouros Previa a 1ª modificación  Superficie a modificar (18,82 has.)			



		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes	
Nome do Monte: "DE VILAR DE MOUROS" Elenco : 2715878 Propiedade: CMVMC de Vilar de Mouros Superficie: 116, 18 has. Concello: Cervantes			
Escala: 1: 15.000	Escala gráfica: 		
Lenda:  Convenio de Vilar de Mouros Posterior a 1ª modificación		Lugo, 23 de xuño de 2016 O enxeñeiro de montes  Asdo. Gabriel Boal Anillo	